

20º Rallye Sur do Condado

DATA: 11/07/2024

HORA: 10:00

COMUNICADO Nº10

PLANING PARQUE DE ASISTENCIA

NORMAS A CUMPRIR NO PARQUE DE TRABALLO

Por motivos estritamente organizativos, limitarase o espazo das asistencias a :

- Será o organizador que delimite o espazo necesario para ter unhas asistencias cómodas.
- Queda prohibido aparcarse no parque de asistencia en calquera das rúas asignadas o parque de asistencia, antes do venres día 12 de xullo as 07:00 horas, baixo pena de sanción administrativa por parte da Policía Local e Garda Civil
- Limitase a **dous vehículos de asistencia por participante**, tendo que estar claramente identificado no momento da asignación do espazo e o longo do desenvolvemento da proba
- **Dita asignación será dado o vindeiro 12 de xullo pola organización da proba.**
- Así mesmo, non se poderá marcar, reservar ou estacionar antes de dito día con vistas a reservar espazo, baixo pena de **penalización económica de 300€** e preceptiva multa por parte da policía local por estacionamento indebido.
- Queda terminantemente prohibido aparafusar, ancorar, cravar e alterar de calquera maneira as beirarrúas pertencentes a dito parque de asistencia, penalizándose ditos feitos coa mesma sanción ó equipo responsable; **penalización económica de 300€**
- De igual maneira, as plataformas/remolques, excepto os remolques talleres dos vehículos de competición, han de quedar durante os días, 12, e 13, fora do parque de asistencia, **baixo pena de exclusión**, con tal motivo habilitase unha zona dentro do recinto do CIEP Infante Felipe (zona marcada en cor verde no plano), polo tanto recoméndase deixalas nese recinto.
- **Non se permite o libre tránsito dos vehículos de asistencia durante o desenvolvemento da proba, debido a que este ano o parque de asistencia vai ter zonas de dobre circulación dos participantes.**
- Ditas medidas son tomadas única e exclusivamente debido o espazo dispoñible, en relación directa ó aumento do volume das asistencias, cada vez máis grandes, sendo cada vez é máis difícil atopar espazos axeitados no cal encadrar a tódolos participantes.

Solicitamos o cumprimento por parte de tódolos participantes en prol do bo desenvolvemento da proba

20º Rallye Sur do Condado

DATA: 11/07/2024

HORA: 10:00

COMUNICADO Nº10

